

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 14.11.2018 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 14 de novembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 39686 (10/CPC-000083)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do director xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, por petición propia, para informar sobre a Estratexia galega para a atención a persoas en situación de cronicidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 380, do 06.11.2018

Punto 2. Preguntas

- 2.1 33940 (10/POC-005351)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a previsión do Goberno galego respecto da posta en marcha do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018
- 2.2 35637 (10/POC-005673)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dos recursos humanos e materiais necesarios ao Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 355, do 13.09.2018
- 2.3 36648 (10/POC-005831)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos
Sobre os avances producidos para o cumprimento do acordo parlamentario do 23 de novembro de 2016 respecto da interrupción voluntaria do embarazo e os datos referidos ás intervencións deste tipo levadas a cabo no ano 2017 e no que vai de 2018 na sanidade privada ou concertada e na pública, así como as actividades e campañas desenvolvidas en materia de formación afectivo-sexual e dereitos reprodutivos dende o ano 2015 e o protocolo que se está a seguir na actualidade na materia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018

- 2.4 38677 (10/POC-006067)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre a política laboral da Consellería de Política Social en relación cos centros e servizos de benestar social dependentes dela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018
- 2.5 38953 (10/POC-006111)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a sentenza xudicial referida ao concurso para a provisión do posto de xefe do Servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018
- 2.6 39139 (10/POC-006136)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para reverter a situación que padecen as mulleres no referido á conciliación da vida familiar e laboral, a súa opinión en relación cos datos publicados ao respecto pola Confederación Intersindical Galega, así como o nivel de implicación previsto para un cambio real en materia de igualdade laboral
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 39686(10/CPC-000083)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Do director xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, por petición propia, para informar sobre a Estratexia galega para a atención a persoas en situación de cronicidade

Publicación da iniciativa, 380, 06.11.2018



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



Consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, solicítollea comparecencia do director Xeral de asistencia sanitaria do SERGAS ante a Comisión 5ª, para informar sobre **“a estratexia galega para a atención a persoas en situación de cronicidade”**.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

A directora Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.11.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 33940(10/POC-005351)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a previsión do Goberno galego respecto da posta en marcha do Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi)

Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez, Xoaquín Fernández Leiceaga e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi), situado no barrio compostelá de Salgueiriños, programouse no ano 2007 co obxectivo de ser un centro de vangarda, pioneiro no Estado para o tratamento integral da discapacidade. O complexo está preparado para facilitar a mobilidade e tratamento de persoas dependentes, e dotado de múltiples espazos e servizos, todos encamiñados á promoción da autonomía persoal de persoas con discapacidades físicas e a súa integración e desenvolvemento social. Principalmente, ofrecerá asistencia para persoas dependentes, aínda que, nos seus locais haberá locais administrativos, formativos, de rehabilitación, de investigación e de recursos de apoio. A previsión era daquelas que cando estivera a pleno rendemento podería atender a un total de 162 persoas con discapacidade ao día: setenta das súas prazas serían para formación; 60 destinaríanse para habilitación funcional, emocional e psicosocial; e as 32 restantes para residencia. Ademais, o proxecto contemplaba unha zona de cafetería e de comedor, que estaría aberta ao público da cidade. O centro segue pechado na actualidade malia que as obras, supuxeron un investimento de máis de 13 millóns de euros.

Na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, continuación e consecuencia do primeiro plan, non se fai mención á apertura do Cegadi como parte dos obxectivos para executar neste período.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista preguntábase o 11 de outubro á directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia, sobre a apertura do Cegadi. A responsable deste departamento aseguraba que “a conta atrás xa comezou”, é que o centro “está a piques de abrir”. Mais o 30 de outubro, na comparecencia dos orzamentos do ano 2018, o conselleiro



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

de Política Social anunciaba un investimento para este centro, sen concretar canto nin en que consistirían as actuacións que se ían a levar a cabo.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que motivo permanece pechado o Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi)?
2. A que se debe o retraso na súa posta en marcha?
3. Cal vai ser o orzamento que se vai dedicar ao Cegadi no ano 2018?
4. Segundo o anunciado polo conselleiro de Política Social, que actuacións se van a levar a cabo neste centro durante o ano 2018?
5. Cando ten previsto o Goberno galego poñer en marcha a pleno rendemento o Cegadi?
6. Que modelo de xestión implementará a Xunta de Galicia neste complexo?
7. Solicitou algunha entidade facerse cargo da xestión de espazos do centro?
8. Que número total de empregados e empregadas públicas formarán parte do cadro de persoal do Cegadi?

Pazo do Parlamento, 31 de xullo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Xoaquín Fernández Leiceaga
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 31/07/2018 10:43:52

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 31/07/2018 10:43:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2018 12:19
Nº Rexistro: 33940
Data envío: 31/07/2018 12:19:56.531

 **Grupo Parlamentario**



Julio Torrado Quintela na data 31/07/2018 10:44:00

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 35637(10/POC-005673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dos recursos humanos e materiais necesarios ao Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, 355, 13.09.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:01
Nº Rexistro: 35637
Data envío: 03/09/2018 11:01:15.501

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás deficiencias existentes no servizo de urxencias do CHUS.

@s profesionais do servizo de urxencias do CHUS, están a denunciar que a situación do servizo é insostíbel, tanto desde o punto de vista laboral como asistencial. Unha situación que veñen denunciando xa non desde hai meses, senón anos.

Unha situación de moi alta demanda, con moi pouco persoal, teñen unhas das ratios máis baixas dos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas, inferior ao CHUVI ou CHUAC. A situación do material é tremendamente deficitaria, cun nivel de deterioro moi importante, obsoleto en moitos casos, sen recambios, cun déficit de dotación en materiais básicos como tensiómetros, fonendos... dificilmente entendíbel.

Todo ten unha clara repercusión tanto na calidade asistencial que se pode prestar como nas condicións laborais nas que teñen que prestar a atención @s profesionais.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:01
Nº Rexistro: 35637
Data envío: 03/09/2018 11:01:15.501

A situación é coñecida por parte da Xerencia, @s profesionais atopáronse nun primeiro momento coa negativa da mesma a atender as peticións chegando incluso a negar a realidade diante dos reiterados intentos de transmitir a situación. Tras recoñecer a situación, esta non ten mellorado, xa que pese a que por parte da xerencia se teñen acadado compromisos, estes nunca se teñen materializado.

As demandas que están a realizar son as cuestións mínimas esixíbeis ante a caótica situación na que se atopa o servizo de urxencias, e desde logo lonxe de garantir un espazo laboral e sanitario seguro e de calidade, de establecer un novo modelo de organización e dun cadro de persoal e material preciso para desenvolvelo.

Solicitan unha dotación mínima de persoal(1 celador/a en quenda de noite, 1 enfermeir@ por quenda, 1 Tcae en quenda de mañá e noite...) e a reposición ou dotación do material imprescindible para poder prestar unha atención sanitaria cun mínimo de calidade e dignidade (padiolas, cadeiras de rodas, tensiómetros, electrocardiógrafos, carros de enfermería, paus de soros, renovación de monitores e respiradores de sala de críticos...)

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Coida o Goberno galego que o Sergas pode prestar unha boa calidade asistencial na situación que se encontran os servizos de urxencias hospitalarias?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:01
Nº Rexistro: 35637
Data envío: 03/09/2018 11:01:15.501

-Vai o Goberno galego atender as demandas d@s profesionais do servizo de urxencias do CHUS e polo tanto proceder a dotar de inmediato tanto cos profesionais que están a demandar, como co material básico e imprescindible, para poder prestar unha atención sanitaria cun mínimo de calidade e dignidade?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2018 11:00:19

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2018 11:00:25



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2018 11:01
Nº Rexistro: 35637
Data envío: 03/09/2018 11:01:15.501

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2018 11:00:26

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2018 11:00:28

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2018 11:00:30

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2018 11:00:32

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 36648(10/POC-005831)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre os avances producidos para o cumprimento do acordo parlamentario do 23 de novembro de 2016 respecto da interrupción voluntaria do embarazo e os datos referidos ás intervencións deste tipo levadas a cabo no ano 2017 e no que vai de 2018 na sanidade privada ou concertada e na pública, así como as actividades e campañas desenvolvidas en materia de formación afectivo-sexual e dereitos reprodutivos dende o ano 2015 e o protocolo que se está a seguir na actualidade na materia

Publicación da iniciativa, 359, 20.09.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 10:46
Nº Rexistro: 36648
Data envío: 13/09/2018 10:46:39.694



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O dereito á autonomía reprodutiva é un dereito básico que no noso País non se está respectando.

O feminismo conseguiu visibilizar a violencia obstétrica que padecen numerosas mulleres, e é un dos axentes centrais na defensa do dereito ao aborto.

As limitacións no cumprimento deste dereito moitas veces veñen dadas pola falta de desenvolvemento e posta e práctica da normativa existente, ou pola ausencia de vontade política.

Precisamos que a maternidade sexa sempre libremente elixida, e que a interrupción voluntaria do embarazo se realice con garantías na sanidade pública. A derivación sistemática cara a sanidade privada debe rematar. A escusa que en ocasións se da para xustificar estas derivacións é a obxección de conciencia dalgúns profesionais, polo que compe regular esta cuestión para que nunca vaia en detrimento dos dereitos das mulleres.

O 23 de novembro do ano 2016 aprobouse nesta cámara unha iniciativa para garantir unha atención axeitada da interrupción voluntaria do embarazo en tódolos centros da rede sanitaria pública e os dereitos reprodutivos das mulleres do rural. Nesta iniciativa aprobábase a creación de dous centros de referencia no

país para a atención da interrupción voluntaria do embarazo, un na zona norte e outro na zona sur, co obxecto de garantir a execución dos protocolos internacionais sobre os “Dereitos reprodutivos e sexuais”-recoñecidos como dereitos humanos- na rede pública de saúde galega. Que se fornecera ás mulleres da atención axeitada tal e como recollen os protocolos internacionais, garantindo a mesma atención que nun parto (indución, expulsivo e despois deste en sala axeitada, con posibilidade de anestesia epidural e atención por parte de profesionais de xinecoloxía e matrona), incluído o apoio emocional á muller durante todo o proceso, tendo en conta as súas necesidades, inquedanzas e desexos para poder abordar de xeito integral a súa saúde física e psíquica. E que se dotaran os concellos do rural de profesionais de xinecoloxía nos Centro de Orientación Familiar de referencia, para garantir a atención dos dereitos sexuais e reprodutivos de todas as mulleres, sen discriminacións xeográficas, independentemente de que vivan en zonas rurais ou urbanas.

Na actualidade, case dous anos despois, non se coñece ningún avance neste sentido.

Outro dos temas nos que nos queda moito por facer é no relativo a educación en materia de sexualidade e reprodución, así como no coñecemento e acceso aos métodos anticonceptivos. Neste último apartado compre sinalar que en abril de 2018, recollíase na páxina web do Sergas o folleto “O método anticonceptivo”, do ano 2010, no que se describen moi brevemente distintos métodos anticonceptivos, incorporando como método axeitado o coito interrompido, ou métodos baseados no coñecemento da fertilidade. A divulgación que se realizaba neste era absolutamente escasa, sesgada e con datos moi cuestionables, como que a “marcha atrás” teña unha eficacia do 73 ao 96%.



Por todo o anterior, preséntanse as seguintes Preguntas:

- 1.ª) Que avances se teñen realizado para dar cumprimento ao acordo tomado neste Parlamento, o 23 de novembro do ano 2016, para garantir unha atención axeitada da interrupción voluntaria do embarazo en todos os centros da rede sanitaria pública e os dereitos reprodutivos das mulleres do rural?
- 2.ª) Que porcentaxe de interrupcións voluntarias do embarazo se realizaron no ano 2017 e no que vai do ano 2018 na sanidade privada ou concertada e cal na pública?
- 3.ª) Cantas e cantos profesionais sanitarios da rede pública practican a obxección de conciencia no referido as IVE? Cantos, pola contra, si as realizan?
- 4.ª) Que actividades ou campañas se levaron adiante en materia de formación afectivo-sexual e dereitos reprodutivos dende o ano 2015?
- 5.ª) Vai o Sergas divulgar folletos informativos veraces, completos e actualizados sobre a contracepción?
- 6.ª) Que protocolo se sigue na actualidade para as IVE?
- 7.ª) Que medidas está levando adiante o Goberno galego para rematar coa violencia obstétrica?

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando



Deputada e deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 10:46
Nº Rexistro: 36648
Data envío: 13/09/2018 10:46:39.694

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 13/09/2018 10:31:17

Marcos Cal Ogando na data 13/09/2018 10:31:28

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 38677(10/POC-006067)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a política laboral da Consellería de Política Social en relación cos centros e servizos de benestar social dependentes dela

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**, sobre a calidade asistencial incumprimentos en materia de Benestar Social

No curso do debate de Política Xeral 2018 deste Parlamento, o Presidente da Xunta referiuse ás políticas sociais como as mellores en toda a Historia de Galiza. O señor Feijóo sinalou unha serie de supostos logros cargados de mentiras e medias verdades sobre as súas políticas de Benestar Social.

En primeiro lugar, Núñez Feijóo dixo que "os empregados públicos recuperaron os dereitos de antes da crise", pero as persoas que traballan a quendas nos centros de Política Social manteñen os dereitos a descanso e conciliación suspendidos dende 2012, por mor da Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, ao manterse suspendido o artigo 19 do Vº Convenio Colectivo da Xunta de Galiza, excepto o apartado 1. É dicir, quen traballa en domingo ou festivo perdeu o dereito a descansar o domingo ou festivo seguinte. Así, van varios anos nos que a moita xente apenas lle cadra descansar en domingos ou festivos, ademais de perder a compensación por traballar en fin de semana ou festivos.

Asemade, o Tribunal Constitucional ratificou nunha sentenza o dereito do persoal interino da Xunta a permutar os seus postos de traballo, cousa que a Xunta denegara a dúas psicólogas da Consellería de Traballo e Benestar, que solicitaran permuta dos postos de traballo para poder coidar de persoas e dependentes. Este recorte do dereito á permuta dos postos de traballo séguese negando no Consorcio de Igualdade e Benestar.



Ao recorte en descansos sumouse o recorte en persoal, pois só se substituíron as baixas médicas cando son de media ou longa duración, e non se cobren, en xeral, os permisos, nin se substituíron integramente vacacións nos centros de Política Social. De 2010 a 2012, o recorte foi de 13 millóns de euros e aínda en 2015 o gasto de persoal é un 7,1% menos que en 2010 (datos do Consello de Contas).

Estes recortes están en relación co feito de que, como sinala a CIG, Política Social leva cabeceira no número de accidentes seguida por Medio Rural nun semestre (o 1º do ano 2018) de pouco incendios. 121 partes en Política Social e 34 en Medio Rural. E 142 mulleres fronte a 43 homes en global na Xunta, polo que queda claro que as traballadoras de Política Social son as que mais accidentes teñen. Pola forma de accidente a maioría son sobre esforzos en centros de día, escolas infantís, residencias, servizo de incendios forestais...”.

A Xunta achaca estes accidentes á elevada idade do persoal, pero a metade dos accidentes en Política Social son por causas debidas ao sobre esforzo.

Feijóo anunciou que se reducirá neste ano a lista de agarda para as valoracións do grao de discapacidade, pero aínda persiste un acumulo duns 10.000 expedientes por valorar. A razón é que as “solucións” da Xunta a este colapso foi un convenio co Sergas e a dotación de equipas temporais, cando o que cómpre é aumentar os Equipos de Valoración e Orientación da Discapacidade de xeito estable para dar saída aos expedientes e, en definitiva, para garantir os dereitos da poboación. Hai que ter en conta que sen certificado do grao de discapacidade non se pode, por exemplo, acceder gratuitamente a terapias (no caso de crianzas) ou acceder a emprego público reservado para persoas con discapacidade; ademais, moita xente en agarda morrerá, como xa ten pasado, sen obter os seus dereitos, porque as agardas teñen chegado aos 3 anos na provincia de Pontevedra.

No eido da atención á Dependencia, 9.388 persoas aínda están en lista de agarda e non perciben ningunha prestación. A cifra faille sacar peito a Feijóo porque,



efectivamente, reducimos lista de agarda, pero fixémoslo a conta de cargar no lombo das mulleres o coidado das persoas dependentes, porque o servizo que menos medrou foi o de residencias públicas, porque non hai prazas suficientes de respiro familiar e porque as prestacións monetarias son insuficientes. Ademais, Feijóo tería que dar a cara ante os datos da última enquisa do IGE para 2017, que indica que hai 117.875 persoas que se autoperciben como en situación de dependencia, un 25,06% máis que en 2011. Esta enquisa revela que aumentou o número de persoas que realizan tarefas de coidado de persoas dependentes, máis do 62% das cales son mulleres, fundamentalmente maiores de 45 anos, e un 30% das mesmas dedican máis de 70 horas á semana a esta tarefa. Mulleres, lembremos, ás que o Goberno do PP no Estado retirou o pago das prestacións á Seguridade Social, co cal menos do 10% das persoas coidadoras se mantiveron cotizando.

Ademais, a citada enquisa do IGE indica tamén que máis de 53.000 persoas que se autoperciben con dependencia precisan axuda a domicilio, pero que só o 44% a recibe, que se precisan máis coidados sanitarios especializados, transporte adaptado e máis prazas en centros de día.

Sinalou Feijóo que aumentará a axuda por coidados no fogar (son irrisorias as prestacións de libranza por coidados) e as horas de Asistente Persoal para a Vida Independente, proposta esta que foi realizada por En Marea e aprobada por unanimidade do Parlamento, pero que aínda non se aplicou.

Gábase Feijóo de ter aumentado as prazas públicas, pero o que aumentou máis foi a porcentaxe das prazas concertadas no conxunto das prazas sostidas pola Xunta e nos centros propios, óptase pola xestión indirecta, porque asume un modelo que favorece o negocio privado, xa que tampouco desenvolve o “concerto social” para primar a entidades sociais fronte á empresas privadas. No conxunto de total das prazas, a porcentaxe de prazas privadas é dun 67%, a maior de todo o Estado.



Asemade, continúa unha lista de agarda inasumible para residencias de maiores, xa que no Programa de Asignación de Recursos situábase a lista de agarda en 2016 en 1.774 expedientes. Os prazos de resolución exceden con moito o estipulado na normativa; o tempo medio de trámite ata ser recoñecido o dereito a unha praza de residencias de maiores é de 453,5 días, máis 154,82 días máis de media até o ingreso na mesma, resultando un tempo promedio de espera de 491,74 días.

Ademais, as condicións nos centros de maiores agrávanse co feito de non ter desenvolvido os recursos do eido sociosanitario, incorporando a persoas con enfermidades mentais e drogodependentes, a persoas tuteladas pola FUNGA (na que enchufaron a un Director sen experiencia no eido social), sen seguimento axeitado e sen que aumenten os recursos humanos e materiais nos centros.

O Presidente, volveu no discurso do “estado da nación” sacar o globo sonda do “bono autonomía en residencias”, prestación que xa existe na Lei de Autonomía persoal, e que en teoría servirá para sufragar unha praza en residencia privada mentres se está en agarda para unha pública, pero a contía non chega, porque de media unha praza privada costa uns 1500 €.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

- Considera a Xunta que manter suspendidos dereitos ao descanso nos centros de política social é estar a prol da conciliación?
- Por que a Xunta vulnerou o dereito á conciliación do seu persoal interino?
- Por que a Xunta vulnera o dereito á conciliación do persoal do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar?



- Ve a Xunta algunha relación entre o recorte en persoal nos centros de atención directa de Política Social e que esta lidere o número de baixas laborais da Xunta?
- Cando vai admitir a Xunta a necesidade de aumentar, de xeito estrutural, o persoal nos Equipos de Valoración da Discapacidade e a creación de novos equipos estables para rematar coa lista de agarda?
- Por que a Xunta de Feijóo apostou porque as mulleres quiten tempo da súa vida persoal e laboral para coidar ás persoas dependentes sen estar cotizando?
- Cando se vai aumentar as horas da prestación de Asistente Persoal?
- En cantas horas se vai aumentar nesta lexislatura a prestación de Asistente Persoal?
- Canto van aumentar as axudas por coidado no fogar?
- Cando van estar en funcionamento as residencias das sete cidades, do “Plan coma na Casa”?
- Que cronograma ten a Xunta para desenvolver o “Plan coma na Casa”?
- Cando vai reducir a lista de agarda en Dependencia para cumprir cos prazos legais?
- Cando vai desenvolver unha regulamentación para o eido sociosanitario?
- Cando vai aumentar o persoal e mellorar a organización da FUNGA?
- Por que enganaron á cidadanía vendendo como novidosa unha prestación, o bono autonomía en residencias, cando é unha prestación que xa existía?



Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 11/10/2018 17:47:04

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 38953(10/POC-006111)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre a sentenza xudicial referida ao concurso para a
provisión do posto de xefe do Servizo de Psiquiatría do
Complexo Hospitalario de Pontevedra

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O pasado 5 de decembro de 2016 o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Pontevedra emitía unha sentenza pola que se anulaba o procedemento de concurso para a provisión do posto de xefe de servizo de psiquiatría do CHOP celebrado en setembro de 2012. Esta sentenza ten a orixe na demanda presentada polo anterior xefe do servizo, que o foi dende 1982.

Esta sentenza amosa un procedemento viciado e tendencioso por parte do xerente do CHOP, que a demanda apunta a que ten como orixe a participación do anterior xefe de servizo en responsabilidades políticas asumidas durante o Goberno galego dos anos 2005-2009. En 2009, despois de que o citado xefe de servizo ocupara cargos de responsabilidade na Consellería de Sanidade (2005-2009), foi cesado da xefatura ao reincorporarse á súa praza, e terminou por convocarse un concurso para esa mesma praza. Como referencia da labor profesional, cabe destacar que durante os anos en que foi exercida a xefatura foron cumpríndose os obxectivos asistenciais marcados polo propio Sergas, así como desenvolvéndose accións que optimizaron o funcionamento tanto no plano asistencial como de xestión, como así foi recoñecido polo propio Sergas.

As denuncias públicas aportan probas que suxiren a preferencia no proceso de selección a favor dun candidato concreto. A sentenza xudicial recolle as situacións de indefensión vividas polo denunciante, entre as que se atopan a necesidade de ser convocados tres tribunais distintos, por erros diversos nas súas composicións e recusacións dalgúns dos seus membros, denuncias por manifesta animadversión dalgún deles cara un dos participantes no concurso, evidencias de información privilexiada cara algún dos participantes e outras cuestións de grave consideración. A sentenza recolle que durante o procedemento de selección amosouse unha ausencia de criterios definidos, así como arbitrariedade na avaliación e puntuación, sobre a que se menciona “non pode obviarse a existencia dunha discreción técnica” e considera, sobre un dos seus membros, que non son infundadas as acusacións feitas sobre a súa inimidade manifesta contra o denunciante. Considera tamén a sentenza que no proceso “advértense indicios respecto á falta de imparcialidade do tribunal”. Finalmente, o fallo da sentenza



apunta que o procedemento “non se axusta a dereito” e ordena que se anule e se reinicie.

Ante as múltiples peticións de decisións por parte da Xunta de Galicia sobre o resultante do caso xudicial, e a flagrante tendenciosidade evidenciada, tanto o goberno de Galicia como o PP argumentaron sobre o feito de que a sentenza non era firme. Esta o foi dende hai xa moitos meses, e o auto 121/2018 do propio xulgado trata sobre a execución da sentenza firme referida ao inicio desta iniciativa.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando vai o Sergas a executar a sentenza xudicial ditada xa en firme?
2. Que vontade ten o Sergas de cumprir coa necesidade dun procedemento transparente, aberto e limpo, afastándose do realizado no proceso anterior segundo consta na sentenza xudicial?
3. Vai o Sergas a nomear unha comisión de avaliación que contemple a pluralidade de perspectivas e sexa respectuosa cos principios de igualdade, mérito e capacidade?
4. Que custo en termos cuantitativos económicos tivo o total deste proceso xudicial para a Xunta de Galicia en forma de costas e posibles gastos extras ocasionados?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia asumir algún tipo de responsabilidade por este ou outros casos semellantes nos que se ten vulnerado a profesionalidade e honorabilidade de profesionais do sistema público de saúde?
6. Que previsión de decisións ten a Xunta de Galicia sobre a xefatura de servizo de psiquiatría no CHOP antes de que se repita o proceso de selección ao que obriga a sentenza?
7. Por que a Xunta de Galicia non executa unha sentenza firme como a referida?

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 16:30
Nº Rexistro: 38953
Data envío: 17/10/2018 16:22:37.563

Julio Torrado Quintela na data 17/10/2018 16:21:37

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/10/2018 16:21:43

Noela Blanco Rodríguez na data 17/10/2018 16:21:49

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.11.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 39139(10/POC-006136)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para reverter a situación que padecen as mulleres no referido á conciliación da vida familiar e laboral, a súa opinión en relación cos datos publicados ao respecto pola Confederación Intersindical Galega, así como o nivel de implicación previsto para un cambio real en materia de igualdade laboral

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 18:25
Nº Rexistro: 39139
Data envío: 18/10/2018 18:25:22.115

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar para cambiar a situación actual na que recae sobre as mulleres a problemática da conciliación da vida familiar e laboral.

A Confederación Intersindical Galega ven de facer público un estudo elaborado polo seu Gabinete de economía do que se tira a conclusión que son as mulleres, máis que os poderes públicos ou a sociedade, as que solucionan a problemática da conciliación da vida familiar e laboral, como se fose un problema que nos compete exclusivamente.

Os datos son demoledores: son mulleres o 87% das persoas inactivas por coidado de menores ou persoas dependentes en Galiza; o 77% das persoas traballadoras con redución de xornada por coidado de menores de 12 anos; o 91,6% das persoas que se acolleron a unha excedencia por coidado de fillos/as; o 71,2% de quen reduciron ou suprimiron o traballo remunerado por coidado de dependentes; o 56,8% das persoas que utilizaron a flexibilización. Son tamén mulleres o 76,7% das persoas ocupadas a tempo parcial e as que padecen a dupla



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 18:25
Nº Rexistro: 39139

Data envío: 18/10/2018 18:25:22.115

xornada laboral. De feito, mentres elas dedican 4:38 horas ao día, de media ao traballo dentro do fogar, os homes só dedican 2:21.

A redución de xornada para coidado de menores é practicamente exclusiva das mulleres: no ano 2017 das 39.470 persoas traballadoras que reduciron xornada para se dedicaren a coidado de menores un 77% foron mulleres.

Das 106.374 que precisaron axuda externa para o coidado de menores no ano 2017, no 86,7% dos casos foron avós ou avoas os/as que prestaron a devandita axuda. No 73,49% dos casos as avoas/os non viven no mesmo fogar. Sería interesante coñecer o sexo destes avós ou avoas; seguro que as mulleres son maioría.

É un indicador moi ilustrativo de como a conciliación en Galiza recae na familia, e dentro desta maioritariamente nas mulleres.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Que actuacións está realizando o Goberno galego para revertir esta situación?

-Que opinión lle merecen estes datos?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 18:25
Nº Rexistro: 39139
Data envío: 18/10/2018 18:25:22.115

-Considera que as mulleres temos igualdade de oportunidades laborais se os coidados de menores e dependentes seguen sendo maioritariamente responsabilidade nosa?

-Considera que temos igualdade de oportunidades para futuras pensións con estas vidas laborais?

-Cal vai ser o nivel de implicación da Xunta de Galiza para unha mudanza real na igualdade laboral?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 18:25
Nº Rexistro: 39139
Data envío: 18/10/2018 18:25:22.115

María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2018 18:22:15

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2018 18:22:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2018 18:22:20

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2018 18:22:22

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2018 18:22:23

Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2018 18:22:25